In Pontevedra there are churches, cinemas, schools, museums, parks, fountains, squares, shops… and there is a bus station, train station, a town hall, a hospital… In Pontevedra there is a famous parrot: Ravachol
We visited Praza da Verdura, Praza da Leña, Peregrina church and a museum.
We read a book about Pontevedra: «A filla das ondas» by Fina Casalderrey.
We visited «Salón do Libro Infantil e Xuvenil». This year was about love.

**JULIA - 4º B**



**Match:**

| | |
|---|---|
| Ferrería | iron |
| Praza da Leña | vegetables |
| Praza da Verdura | firewood |
| Ravachol | tombstones |
| Santo Domingo | parrot |

1º Fomos dar un roteiro por Pontevedra cunha guía. Vimos a estatua do loro Ravachol e contounos algo del. Tamén vimos a praza da Verdura, a praza da Ferrería, a praza da Leña, a fonte que se metes a lingua dentro bota auga...

2º Fomos ao museo onde había pinturas, coleccións de prata... Tamén había barcos piratas, o despacho dun capitán e o camarote dun barco. Pasounos unha cousa moi rara, era que mandabamos uns pergameos moi raros ¡era todo un misterio!

3º Tamén fomos visitar o Salón do Libro Infantil e Xuvenil que este ano ía do amor. Ao entrar había moitos traballos que fixeron nenos e nenas dos colexios de Pontevedra. Tamén había tres salas máxicas, unha era a sala da fada madriña, outra era unha sala donde había unha árbores que nas ponlas tiña cousas escritas en moitos idiomas e a outra era unha nube moi esponxosa.

Eu paseino moi ben en todos os sitios onde fomos.

**IRENE - 4º A**











# SALVEMOS A TERRA!

Equipo de Medio Ambiente

***O Equipo de Medio Ambiente montou un xogo no que os xogadores tratan de chegar ó final dun taboleiro cumprindo unhas normas relacionadas co coidado medioambiental.***





# CALENDARIOS METEOROLÓXICOS

***As nenas e nenos de Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria van rexistrando ao longo do curso nun calendario o tempo que vai cada día. Os Equipos Medioambientais formados por nenas e nenos de 3º Ciclo de E. Primaria van recollendo estes datos cada mes e con eles elaboran gráficas.***

















# ESCOLA MUNICIPAL DE VELA

O día seis de febreiro de 2009 veu ao colexio unha das monitoras de vela de Riveira e nos explicou como debemos facer cando vamos a vela:

1º Saber manexar o barco e a vela.

2º Non ter medo a caerte e saber nadar.

E cando se envorca o barco ten unha peza por abaixo que che permite poñer ben o barco. E nos ensinou cales son as pezas dun barco de vela. Son as seguintes:

Vela maior, sables, foque, caña, cañín, mástil, timón, orza, casco e botabara e o vou debuxar ahí abaixo.

**SORAYA - 5º**




# QUE É A AGRICULTURA ECOLÓXICA?

***O CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica do Galicia) organizou, colaborando con Voz Natura, unha actividade chamada «COMER SAN = ECO-LÓXICO» para difundir as vantaxes dos produtos ecolóxicos.***

***A Cenoria Ecolóxica, a mascota do CRAEGA, explicounos en que consiste a a gricultura ecolóxica.***








# NO ANTROIDO DISFRAZÁMONOS

## INDIOS, BONECOS DE NEVE...



YOEL - 3 anos



EVA - 3 anos



ALEX - 3 anos



JUANVI - 3 anos



IAGO - 4 anos



ADRIANA - 4 anos



LUCÍA - 4 anos



ANTÍA - 4 anos



CARLOTA - 4 anos


CRISTINA - 5 anos


MARTA - 5 anos


DESI - 5 anos


MANUEL - 5 anos


EDIMAR - 5 anos


LEO - 5 anos


LAURA - 5 anos


ANDRÉS - 5 anos


SARA - 5 anos


ANA - 5 anos


HUGO - 5 anos

"O MONECO DE NEVE"

HOXE AO ABRIR A VENTÁ
VIN UN MONECO SEN ABRIGO,
UN SOMBREIRO LLE TAPABA
A SÚA CABEZA DE NEVE XEADA.
POR NARIZ UNHA CENOIRA,
POR OLLOS DOUS CARBÓNS,
E UNHA BUFANDA LONGA
CON FRECOS DE CORES.




















2009/02/01











# UNHA TARTARUGA, UNHA RA E PITOS

***Os profes trouxeron pitos, unha ra e Celia trouxo a súa tartaruga. Así puidemos observar de cerca estes animais e coñecelos un pouco mellor.***




DANIEL A. - 5 anos




DIEGO - 5 anos




LAURA. - 5 anos



DANIEL B. - 5 anos







MATEO - 2º






MARTINA - 2º





## Os anfibios

Os anfibios son animais que viven na auga. E invernan no inverno e saen cando chega o verán.

Unha vez iamos eu e máis meu pai camiñando á beira dun río e de súpeto oímos unha ra e puxémonos a escoitar de onde viña o son ata que a vimos e entón botámonos a collela e cando a tiñamos no truel botámola ao caldeiro e levámola para a nosa casa, botámoslle auga, tamén lle botamos herba e como non comía devolvémola a súa vida.

ESTELA - 2º



DELIA - 2º



# 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER

## ARTURO E CLEMENTINA




*Ao casar, Clementina soñaba cunha vida chea de aventuras e descubrimentos. Arturo proporcionoulle unha vida tranquila e sen sorpresas. ¿Quería aprender a tocar a frauta? El ofrecíalle amablemente un disco. ¿Quería pintar? Regaláballe un bonito cadro. ¿Quería ir con el a Venecia? Compráballe un fermoso floreiro de Murano. Clementina carga cos regalos, esgota as súas posibilidades e abúrrese a morrer. Ata o día que decide vivir ao seu gusto, elixir por si mesma o que lle convén. Arturo, cando atopa a bonita casa baleira, non entende nada.*




MARTA - 5º




MARTÍN - 5º



## O TRABALLO DAS NOSAS NAIS




DESIRÉE - 5 anos




IAN - 5º




***Amas de casa, perruqueiras, enfermeiras, profesoras, médicas, traballadoras da fábrica, da oficina, vendedoras, mariscadoras, investigadoras...***
***¡Moito traballan as nosas nais!***

RODRI - 6º A



# MULLERES DO MUNDO

## MULLERES PIGMEAS

ALUMNADO DE 5º





















## MULLERES AFRICANAS


DANIEL A. - 5 anos




## MULLERES CHINESAS



## MULLERES ANDINAS





## M U L L E R E S ESQUIMÓS



## M U L L E R E S POLINESIAS




INÉS - 1º A

## MULLERES APACHES



# 21 DE MARZO: DÍA DA ÁRBORE

***No mes de marzo celebramos o Día da Árbore. O alumnado levou para as súas casas as árbores que plantamos no magosto: castiñeiros, carballos e nogueiras. Estas árbores replantaranas nas súas hortas ou no monte próximo as súas casas.***
***Tamén estudiamos distintas especies de árbores autóctonas.***





Equipo de Medio Ambiente

***O alumnado de 3º e 4º de E. Primaria foi plantar plátanos ó parque de San Alberto nunha actividade organizada polo concello de Riveira, xunto con outros nenos/as dos demais colexios do municipio.***





# NA PRIMAVERA PLANTAMOS XERANIOS



CARLOTA - 5 anos



MIGUEL - 4 anos



PAULA - 5 anos



DIEGO - 5 anos





# O XARDÍN DOS AROMAS

***Continuando coa actividade da plantación das herbas aromáticas iniciada o ano pasado, cando empezamos a convertir o noso horto no «Xardín dos aromas» plantamos:***

***E. Infantil 3 anos: Asubiote (Albahaca)***
***E. Infantil 4 anos: Tomiño***
***E. Infantil 5 anos: Macela (Manzanilla)***
***1º de E. Primaria: Melisa***
***2º de E. Primaria: Valeriana***
***3º de E. Primaria: Coandro (Cilantro)***
***4º de E. Primaria: Estragón***
***5º de E. Primaria: Regaliz***
***6º de E. Primaria: Mejorana***




Equipo de Medio Ambiente









DELIA - 2º



# INVESTIGAMOS

***Coñecemos moitos libros sobre o Cambio Climático e os animais que viven nos Polos. Consultando estes libros cada curso eleborou un traballo sobre un animal polar: o lobo ártico, a foca, o pingüín, o oso polar, o narval ...***






Equipo de Medio Ambiente



## TAMÉN INVESTIGAMOS EN INGLÉS



# ABRIL, MES DOS LIBROS
## COMPARTIMOS LECTURAS COAS FAMILIAS

***Os pais, nais, avós... viñeron á Biblioteca do colexio para lernos eses contos que tanto nos gustan e xuntos disfrutamos da lectura.***





SARA - 3 anos


YAIZA - 3 anos





PAULA - 3 anos





ALEX - 3 anos










SAMUEL - 3 anos





RAÚL - 3 anos


YOEL - 3 anos









*Queremos agradecer a pais, nais, avós, avoas, irmás... a súa colaboración nesta actividade.*

# REPRESENTAMOS CONTOS



*O FRAUTISTA DE HAMELIN*



# CERTAME LITERARIO

***No Certame Literario organizado pola Biblioteca do Centro, resultaron gañadores o seguintes traballos:***

## MODALIDADE: DEBUXO

***EDUCACIÓN INFANTIL, 3 anos: «Árbores e flores»***



**Eva Franco Gómez**

***EDUCACIÓN INFANTIL, 4 anos: «O coelliño branco»***



**Marla Castelao Gago**

***EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos: «Bolboreta»***



**Cristina González Ruiz**





## 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:
## «A carga pesada»



Sara Figueira Domínguez

## Accésit: «Solpor»



Manuel Pino Gago



## 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:
## «Pingüín»



Cristina Caamaño Jáudenes

## 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:
## «Tixosa»




Belén Díaz García

# MODALIDADE: CONTO

## *EDUCACIÓN INFANTIL, 3 anos: «O delfín que soñaba»*

**Raúl Franco Ferrol**



Había unha vez un delfín que vivía no mar.



Tiña unha máquina de soñar.



A máquina fíxolle un soño: O delfín tocaba a lúa.

### *Accésit: : «O tractor»*

**Samuel Domínguez Santos**



Había unha vez un tractor.



Un día foi arar para plantar plantas.



Cando acabou foi para o garaxe.

## *EDUCACIÓN INFANTIL, 4 anos: «O globo e os nenos»*

**María Santos Figueira**



Érase unha vez un neno e unha nena que ían para o cole.



Atoparon un globo e querían collelo.



Agarraron o globo.



E saíron voando.

### *Accésit: «O elefante e o cortador»*

**Laura Ramos Pérez**



Había unha vez un elefante camiñando pola praia.



Ven un cortador e corta unha palmeira.



E o elefante desmáiase.

### *EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos: «Las hadas del sol»*

**Daniel Abad Ramírez**



Había unha vez un hada que estaba en el país del sol. Brillaba como una estrella.



Otra hada estaba en el país de las movidas. Con su varita mágica podía hacer cualquier cosa, hasta una flor.

El hada del fuego vivía en el pueblo de los dragones. Había fuego hasta llegar al Sol.



Se unieron todas porque una bruja estaba dentro del castillo del hada flor.



Lucharon entre todas, mezclaron sus poderes e hicieron una gran flor que le echaron a la bruja y se convirtienron en cosas raras: fantasma, trueno y nubarrón.

### *Accésit: «A natureza: Como crecen as flores»*

**Desirée González Fernández**





Éranse unha vez unhas flores.
Chegou a noite e empezaron a durmir.
As flores espertaron pola mañá e viron unha flor nova.
Logo viron moitas flores que crecían novas.
Entón empezou a chover e creceron, creceron máis flores.

### *1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «Isaac o pescador»*

No sétimo cumpreanos de Isaac, o seu regalo foi unha cana de pescar.
- Que cana máis chula! Con esta cana seguro que pesco montóns de baleas.
Ao día seguinte pola mañá, ergueuse ben cedo e preparou todo: un flotador ridículo, botas de auga, a cana e máis un caldeiro de praia para meter as baleas; e coma era moi parvo, foise cara ó río cantando.

**ÁNGEL - 4º B**




E chegou ao río e pescou un gorro, botas e rodas e él, todo contento.

**Alexis Ces Ramos - 2º**

### *2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «Historia de un pluriempleado»*

Era un hombre que tenía 17 hijos, 32 años de hipoteca por pagar y que por encima trabajaba en una hamburguesería.
Y decidió que tenía que buscar otro empleo, y se metió a policía; pero le despidieron por aporrear a un niño en carnaval que iba disfrazado de ladrón. Y se metió a militar, pero le despidieron por vender plutonio a los terroristas iraquíes. Y se metió a enterrador y como siempre le despidieron. ¿A que no adivinais por qué? Por hacerse el muerto.
Y el hombre llega a la hamburguesería y le dice el jefe:
- ¡Estás despedido!
- ¿Por qué?
- Por llegar dos años tarde.

**Marcos Pérez Pena - 4ºB**

***3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA*: «Heroínas por un día»**

Eu chámome Xoaniña, son filla de Xoán, *o Cachoufo* e de Lola, *a Fiadora*, aínda que todo o mundo na vila me coñece como Xoaniña, *a Cachoufiña*. Meu irmán Brais é un neno con moita imaxinación e moi medorento. A miña mellor amiga chámase Rosiña, *a dos contos*. *O* alcume vénlle do seu avó que ía contando historias polas vilas, algunhas imaxinarias e outras reais. Foi un home de moito verso pero agora xa non está para lerias.
O caso é que a miña amiga e máis eu botamos horas oíndo aquelas historias. Nunca pensamos ser protagonistas, pero aquí nos tendes, feitas dúas heroínas.
Todo ocorreu unha calorosa noite de verán. Cando todos conseguimos durmir, Brais estaba esperto e foi nese intre cando viu o que nunca vira. Mi madriña que medo! Aquilo era un ser monstruoso. A Brais non lle quedou nin un só pelo no seu sitio. Era o medo feito neno. O que viu non tiña nome nin o terá, e xa tiña comido a alguén. O sangue corríalle pola cara, os ollos non se lle distinguían, e despois aqueles berros de ultratumba. Se o medo tivese un nome sería Brais, *o Cachoufo*.
BUHH! BUUHHH! Aquel son non se lle ía da cabeza. Botou máis tempo embaixo da cama ca enriba dela, coa fiestra ben pechadiña, cunha cadeira atrancando a porta.
Brais espertou cos berros da súa nai.
- Onde andará branquiña? Ai que desapareceu!
Brais tíñao claro. Branquiña estaba no buche do monstro! Baixou á cociña e, aínda tremendo contoulle o acontecido a súa familia, que o miraban entre incrédulos e asustados. Rosiña e máis eu non sabiamos que pensar. Ao pouco chegou Benito *o Troitas*. Berraba coma un condenado. A pesca saíulle cara, ata perdera a cana. Tamén el vira aquel arrepiante ser. Foi o que rematou por convencernos. Xa non era só Brais, senón o señor Benito que era máis de fiar. 
Rosiña e máis eu non o pensamos. Iamos descubrir e por suposto, cazar ao monstro. Así que alí fomos, con dous paus ben longos e dúas olas na cabeza por se acaso. Percorremos a aldea enteira ata que chegamos ao piñeiral de Xosé *o Anano* (non vos teño que explicar de onde lle vén o alcume). Levabamos horas buscando cando escolitamos ao lonxe un berro horrible: era o monstro! Fuximos coma un raio, pero logo escoitamos outro son:
Ding! Dong!
- Que é ese son? - preguntou Rosiña.
- Non sei - contestei eu.
E axiña nos decatamos. Aí estaba. E era un caldeiro batendo todo o que atopaba, e debaixo… a Branquiña chea de pintura cor vermella e correndo cara a nós.
- Atopamos o monstro!
Parecíamos dun anuncio de colonia. Ela correndo cara a nós, e nós correndo cara a ela. Que ledas estabamos. Riámonos e Branquiña aínda que pareza mentira choraba, non sei se de fame, de felicidade, ou que a pintura lle mancara os ollos, pero a verdade é que vimos unha cabra chorar.
Ao chegar á casa todo eran parabéns, por atopar a Branquiña, por descubrir a verdadeira identidade do monstro e por quitarlle o susto a máis de un.
Como vos dicía, fomos heroínas por un día.

**Isabel Fernández Ageitos - 6º**

# MODALIDADE: CÓMIC

*1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «A flor guapa»*

Delia Muñiz Piñeiro - 2º



## 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «Unha cousa moi estraña»

**Nerea Enríquez Fernández - 4º A**



### *3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «O rato»*

**Imane Wahmid - 6º**





# MODALIDADE: POESÍA

### *EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos: «A mantiña»*

Alá ao final da mantiña
hai un buratiño pequeniño
por onde saen
os meus dediños.

**Lucía Santiago Fernández**

### *1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «A flor guapa»*

Alba, a miña amiga,
xoga coa pelotiña.
A pelota é de cores.
A min gústame moito,
redonda coma o sol.

O sol é inmenso
é de cor amarelo.
Ten coidado
non te queime no verán.

O verán é fermoso
coma a estrela de mar.
A estrela pequeniña
ten que marchar
ao fondo do mar.

No mar pódeste bañar,
moi fría a auga está.
Tes que ter coidado
co arrefriado.

O arrefriado é malísimo
por iso cho digo.
Digo é unha palabra
que serve para falar.

Falar do amencer
que o día seguinte chegará.
Chegará o sol e a auga tamén
e a hortensia veremos florecer.

Quero moito aos meus pais
porque o que eu lles quero
non se pode comprar.

**Martina Osorio Gónzález - 2º**

***2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:***
***«Os pesados pesadelos»***

Cando chega a noite
escóndome na miña cama,
porque me van a rondar as pesadas
que pesadelos se chaman.

Son moi molestos,
non te deixan durmir
e tes que fuxir
pero non sabes onde ir.

Na cama dos teus pais
terás que refuxiarte,
senón, constrúe un castelo
coas almofadas que se poñan por diante.

Ao día seguinte intentarei
non telas
porque senón gritarei
por culpa delas.

**María Álvarez Vizcaya - 4º A**

***Accésit:***
**«A ovella que di mu e outros sons»**

A ovella que di mu,
está turulú
porque en vez de decir bee
di muu.

Púxose moi triste
porque non lle saía.
Agora di ía.

Non había solución
para este problemón.
Púxose a chorar
e dicía cuak.

O seu amigo o patiño
tiña unha solución.
Era que dixera
todas os sons.

Dixo todos os sons
e só quedaba un.
Non había dúbida.
E a ovella dixo bee
unha e outra vez.

**Marta Franco González - 4ºA**

***3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:***
***«A choiva»***

Estaba eu polo monte
pensando na súa morte.
Chea de pena dixen:
Que será do noso bosque?

E mirando cara ó Norte
nun recuncho do camiño
notei que o ceo choraba
unha choiva paseniño.

Cando o choro rematou
os toxos verdes lucían,
as flores aparecían
e eu moi leda comprendía
que a choiva non era choro,
que era auga de vida.

**Isabel Fernández Ageitos - 6º**

***Accésit:***
***«O que é unha vida»***

Había un home pobre
moi triste e asolado.
Vivía só nuhna cabana
sen ninguén ao seu lado.

Un día púxose a pensar
por que non estaría a traballar.
E pensou e pensou
que isto tiña que parar.

Foise á cidade a buscar
e dunha muller foise namorar.
O home pedíulle un traballo,
xa que él estaba no paro.

Despois de moito tempo,
o home pediulle casar,
A muller aceptou
e a vida xuntos foron pasar.

Todas as mañás
ían xuntos traballar.
El tiña un soldo aceptable
e o matrimonio era estable.

E pensar que un home,
triste e asolado,
ten unha muller
e un bo traballo.

# VEU UN CONTACONTOS: MARIO TOMÁS

***O día 27 de abril, por cortesía do Consorcio Editorial Galego, veu ó colexio o contacontos Mario Tomás. Xunto co seu amigo, o rato Pérez, contounos moitos contos e pasámolo fenomenal.***



**LUCÍA - 5 anos**



**BELÉN - 4 anos**



**LAURA - 4 anos**



**DANIEL A. - 5 anos**



**MARLA - 4 anos**

O día 27 de abril veu un contacontos e contounos 3 contos.

O primeiro foi dun verme, segundo dun xaguar e o terceiro dun neno, o pai e un burro.

O contacontos trouxo a un amigo. Sabiades quen era? Era o Ratiño Pérez! Sacouno do bolso e saudounos:

- Ola, son o Ratiño Pérez!

E escolleu a dúas nenas de Infantil para contarlles un conto.

E logo despediuse moitas veces e despois foise.

**NENAS E NENOS DE 2º**







# A PÍLLARA DAS DUNAS

***O alumnado de 6º participou nunha actividade, organizada por Hidria e subvencionada polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para sensibilizar e promocionar a conservación do Chorlitejo Patinegro, tamén chamado Píllara das Dunas, que é un ave que anida nas praias do noso concello e que se atopa en perigo de extinción.***

Hoxe veu unha ornitóloga ao colexio para ensinarnos un paxaro en perigo de extinción. Todo nolo contou Estefanía, unha muller que traballa na Casa da Costa, no Parque Natural de Corrubedo. Falounos dun paxaro chamado Pírula. Tardan 22 días en incubar os ovos. Cando nacen xa teñen plumaxe e unhas patas moi longas. O depredador máis voraz é o lagarto que aproveita cando non está a nai para introducirse dentro do niño e cun dente fura o ovo e o aspira. Estefanía e os seus compañeiros fixeron un coto privado para a Pírula pero aínda así a xente acósaa e entra no coto.



**MARTÍN - 5º**

Hoxe tivemos unha charla moi bonita sobre un paxaro en perigo de extinción chamado a Píllara das Dunas. O seu nome científico é un pouco longo e difícil de acordarse del, e é Charadius Alexandrinus. Esa ave é preciosa e é unha pena que dentro duns anos desapareza e é pola nosa culpa. A píllara vive nas praias e cría na area. Por iso no verán a xente ou pisa os ovos ou os leva. A píllara asústase e vaise.

A píllara come pulgas de mar e as pulgas de mar comen algas e ás veces a xente quita as algas en vez de deixar que o mar faga o seu traballo e como non haia pulgas non vai haber píllaras.

As píllaras crían na area dende marzo a agosto. Normalmente crían 3 ovos a non ser que os leve un depredador como por exemplo: o lagarto, a rata, a gaivota, etc.

Os machos e as femias diferéncianse por: o colar, os ollos... A femia ten medio colar, en cambio o macho o ten enteiro e o macho ten unha raia negra debaixo de cada ollo.

**ANA - 5º**



Aprendín que os machos tamén incuban e que cada un dos pais se ocupa dunha cría e tamén que as crías nacen cunhas patas moi fortes e cos ollos abertos. As crías son nidífugas e nacen aproximadamente aos 20 días de incubalas.

**MARÍA - 6º B**




**FERNANDO - 5º**

A píllara aliméntase das pulguiñas que viven na area da praia. Tanto o macho como a femia incuban os ovos.

**GERMÁN - 6º B**

A píllara anida nas praias e o que fan para que o mar non lles leve os ovos é poñelos máis arriba do tope ao que chega o mar.

**ELISA - 6º B**

# MAIO: MES DAS LETRAS




***O Día dás Letras Galegas foi instituído pola Real Academia Galega en 1963 para distinguir ás figuras destacadas da cultura.***
***A RAG decideu adicar o Día Das Letras Galegas de 2009 a Ramón Piñeiro, intelectual e ensaísta considerado o filósofo de saudade, galeguista, e activista político-cultural.***

## RAMÓN PIÑEIRO








***Ramón Piñeiro naceu en Armeá, concello de Láncara (Lugo) o 31 de xullo de 1915 e morreu en Santiago en 1990. Estudia o bacharelato en Lugo e despois regresa a Armeá, onde permanece ata 1930. A lectura de «El Pueblo Gallego» esperta nel un grande interese polo movemento político e cultural de Galicia. En 1932 volveu a Lugo para estudar o bacharelato superior e relaciónase con xoves galeguistas lucenses. En 1933 asistiu ás Asembleas do Partido Galleguista, celebradas en Santiago e coñece a Castelao, Alexandre Bóveda e outros. En 1936 foi elixido secretario do Comité Provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía. Viuse obrigado a loitar na Guerra Civil no bando nacional. Ao acabar a guerra, comezouos seus estudos universitarios en Santiago. En 1943 participou clandestinamente na reorganización do galeguismo e viaxa a París, onde permanecía exiliado o goberno republicano. Ó volver de París é detido en Madrid e condenado a 6 anos de cárcere. En 1950 fundou en Santiago a editorial Galaxia da que sería o director. En 1967 ingresa na Real Academia Gallega co importante discurso «A lingoaxe i as lingoas». En 1983 convértese no primeiro Presidente do Consello da Cultura Galega.***
***Nos anos 50 publicou varios ensaios, como «Significado metafísico da Saudade» (1951), «A saudade en Rosalía» (1952), «Para unha filosofía de saudade» (1953). Invitado por diversas universidades participou en congresos, coloquios e conferencias. En 1984, estas obras foron integradas con «A Filosofía e o Home» e «Saudade e Sociedade» nun só volume baixo o título «A Filosofía da Saudade». En 1951 traduciu ó galego con Celestino Fernández de la Vega, o «Cancioneiro da Poesía Céltica» de Julius Pokorny. En 1956 publican en Galaxia a conferencia «Von Wessen der Wahrkeit» de Martin Heidegger baixo o título galego «Da esencia da verdade».***

***http://www.diadasletrasgalegas.com/homenaxeados/escritores/ramon_pineiro_lopez.html***

# PARA NON PERDE-LO TREN DA LINGUA

***O Equipo de Normalización Lingüística convocou de novo o concurso para animar a falar en galego. Co traballo gañador imprimiuse un adhesivo que repartimos con motivo do Día das Letras Galegas.***




RODRI - 6º A




ANA - 5º




ELISA - 6º B




IRENE - 5º




ADRIANA - 3º A




CARLOS - 6º B

*Estes foron os traballos que quedaron finalistas.*

*Este foi o traballo gañador co que se imprimiu un adhesivo que repartimos con motivo do Día das Letras Galegas.*




ELBA - 6º B

# CELEBRAMOS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

***Para celebrar o Día das Letras Galegas fixemos teatro, recitamos poemas, lemos textos de Ramón Piñleiro e entregamos premios aos gañadores do concurso de adhesivos.***
















# CERTAME LITERARIO DO CONCELLO

***Participamos no CERTAME LITERARIO DO MAIO CULTURAL, que como cada ano convoca o Concello nas categorías de poesía, relato e cómic. Acadamos tres premios:***

***- Isabel Fernández Ageitos, co relato "Heroínas por un día"***
***- Marta Franco González, co cómic "O labirinto"***
***- Elisa Vidal Fernández, coa poesía "Romance a 10 bicos"***

***Os gañadores recibiron un agasallo e houbo diplomas para todos os participantes.***

***No acto de entrega de premios actuou o grupo Imaxinaria Teatro cunha obra chamada «Leo. Buscando a Leonardo da Vinci»***

CONCELLO DE RIVEIRA









## A entrega de premios

O día 21 de maio fomos á entrega de premios do Certame Literario do Concello os alumnos de 4º e 6º de Primaria. Alí vimos unha obra teatral que trataba dunha nena que, mediante as viaxes ía coñecendo máis información sobre Leonardo Da Vinci. Pero aínda que non ceñeceu ao artista, deu con aprendices seus obtendo información de primeira man.

Cando rematou a obra comezou a entrega de premios. Eu resultei premiada pola miña obra en prosa «Heroínas por un día». Ós gañadores outorgáronnos un diploma e unha morea de libros. Ese día foi moi divertido porque aprendín cousas moi interesantes.

**ISABEL - 6º**

# PROXECTO: «BRÚJULA»

***É un proxecto promovido por AGESTIC que se enmarca dentro dos «Programas de difusión sobre utilización segura de Internet» do PLAN AVANZA do Ministerio de Industria Turismo e Comercio coa colaboración da OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA, PANDA e a CONFAPA (Confederación Galega de Asociacións de Pais de Centros Públicos) que subvencionou o transporte a Ribeira.***
***Ten como obxectivo que os adolescentes de Galicia coñezan os riscos de Internet, como actuar ante eles e como utilizalo de forma segura.***

Hoxe, día 11 de maio de 2009 os nenos/as de 6º curso fomos a Ribeira a escoitar unha charla sobre INTERNET. Explicáronnos os inconvenientes que ten. Por exemplo: nunca poñamos os nosos datos personais ou de familiares, amigos...
O personaxe que teñen chámase Cristóbal. É un muñeco. Tiñamos que entrar nun camión e alí dentro había varios camarotes, paréceme que 7.
Hai varios tipos de virus: o ladrón, espía, trol, pirata, gusano e algúns máis.
No último camarote Vanessa fixo unhas compras por Internet e cando nos iamos déronnos camisetas, bilógrafos, un manual, diploma, caramelos, unha pegatina e un folleto.

**ANA BELÉN - 6ºA**

En cada vídeo saía o mesmo neno facendo cousas que non se podían facer, por exemplo, falar con descoñecidos, poñer os teus verdadeiros datos en redes sociais...
E unha das cousas máis importantes é saber se a páxina na que entramos é segura. Isto o comprobamos na barra de direccións que en vez de poñer http, pon https, que o «s» significa seguro e para saber se os datos que poñemos non os vai ver ninguén, pon unha pechadura, despois da barra de direccións de cor amarela. Tamén nos dixo que para comprar en internet ten que ter os dous símbolos do «s» e da pechadura.
A min gustoume moito e recomndaríallo a moitos nenos que está nestas idades.




**RODRI - 6º A**

# UN VELLO MESTRE DE PALMEIRA

Don Agapito Hermo Valderrabajo chegou a Palmeira no ano 1914 para traballar no ensino. Aquí tivo varios fillos. Na década dende 1935 ata 1945 a tuberculose acabou coa súa familia: un fillo, Mariano e catro fillas, unha cuñada e tamén a súa dona, Milagros, estas dúas últimas uns anos máis tarde.
Dos mártires do fogar sobreviviron Luis, o maior dos fillos que emigrou a Francia e morreu alá, Julia, Dorinda e Mercedes, que foron protexidas pola familia Crusat (xente moi preparada). Julia e Dorinda traballaban na oficina dunha fábrica de madeira e carpintería mecánica. Mercedes vivía con Angelita Crusat que tiña unha panadería e comercio de comestibles onde traballaba. Angelita Crusat morreu vai pouco tempo, por poucos días non foi centenaria. Tres fillas que tivo foron mestras e están xubiladas: unha en Madrid, outra en Aguiño e outra en Palmeira.
Cando eu cumprín o servicio militar, traballei na citada carpintería durante cinco anos. Foi un pracer traballar coas fillas do meu primeiro mestre. Con Dorinda xoguei uhna quiniela de fútbol de 1 peseta; á primeira sorte (14 acertos) veu unha relativa mala sorte, pois apareceron moitos acertantes e só cobramos 10.600 pts. ou sexa, 5.300 pts. para cada un. Nós nunca viramos tantos cartos xuntos (eu, na empresa, gañaba 20 ptas. diarias).
Empecei á escola en 1937 e estiven alí ata 1941. Foi a miña primeira escola, a de Don Agapito, nos anos difíciles para nenos e mestres que todos coñecemos. Daba clases á noite aos adolescentes que traballaban no mar e na terra. Non había moitos cartos, os pagos se facían ao troco, con productos do mar e da terra.
No tempo que estiven na escola pasaron moitas anécdotas e curiosidades daquela época (pegar moi forte cun punteiro no traseiro ou nas cachas como se dí por aquí). Para que non nos doera, os rapaces poñiamos lonas dentro do pantalón; un rapaz ata puxo un prato de aluminio. Outra forma de pegar era poñerte de xeonllos e bater forte na palma da man. En outras escolas chegouse a pegar de xeito descontrolado.
Os cinco anos que estiven na escola coincidiron coa morte dos fillos de Don Agapito. A escola foi o seu consolo. Dicía o señor Pillado «os rapaces son como toliños e este mestre ten que aturar a 50 toliños, sumado á perda da súa familia». Dende aquela empecei a valorar o traballo dos mestres e mestras.
En Palmeira había daquela 5 escolas: a de Don Agapito no porto, a de Don Lorenzo na Lomba, a escola da ponte (ésta non era considerada como escola por moita xente pois os mestres botaban un ano ou dous, eu creo que algún non era nin mestre nin nada), a de Dona Maruja que era unha escola de nenas e a de Dona Carmen (que era irmá de Dona Maruja e muller de Don Lorenzo) que tiña outra escola de nenas. O marido de Dona Maruja era o Sr. Montoto, o médico do pobo; era un home solitario; polas súas ideas políticas tivo que emigrar coma emigrara Castelao. Don Lorenzo e Dona Carmen eran un matrimonio con moita sona no pobo, en cambio Dona Maruja estaba marxinada no pobo por culpa das ideas do seu marido.
Eu pasei cinco anos (50 nenos) na de Don Agapito, dous anos (40 nenos) na da ponte, e tres anos (37 nenos) na de Don Lorenzo, na Lomba. Daquela cantabamos todos os días o «Cara el sol con la camisa nueva». Cousas do sistema. Como se ve na cantidade de alumnos, a mortalidade infantil era moi alta e isto prexudicaba aos mestres, pois ao saber ler e escribir, algúns nenos abandonaban a escola, e o mestre quedábase sen alumnos.
Na escola da ponte metíannos moita «caña», pois tiñan un monitor que fora voluntario na Guerra Civil e que nos ensinaba a desfilar. Os domingos iamos para a misa desfilando.
Cando se xubilou polo ano 1945, Don Agapito e as tres fillas que lle quedaban marcharon para León, a súa terra natal. Cando chegaron, a Don Agapito deulle un infarto, dixeron que pola impresión de voltar á súa casa. Morreu e o enterraron aló e as súas fillas regresaron a Palmeira coa familia Crusat. Unha década despois marcharon para Santiago. Hoxe en día si vive unha de elas, Mercedes.
Don Lorenzo, o da escola da Lomba, morreu antes de xubilarse por causa dunha enfermidade. A súa muller morreu dúas décadas despois. Os dous foron enterrados en Palmeira. Esta familia non tivo descendencia, todos eran solteiros.
O pobo e o Concello de Ribeira tiveron unha deferencia con esta familia: a Don Lorenzo lle adicaron unha rúa, a Don Agapito, nin unha simple placa.
Somos 20 alumnos que dende que hai democracia estamos buscando un recoñecemento para estes mestres.
O gran fai graneiro, aí vai o meu euro.

**Un neno da posguerra**

# PLAN TIC

***Este ano, como en anos anteriores, dentro do Plan TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) creamos máis actividades en liña, investigamos na rede, seguimos ampliando o Museo e a Biblioteca Virtual.***

***Doutra banda, a nosa Intranet non deixa de medrar. Na actualidade o Centro conta xa con 75 ordenadores en rede ubicados en todas as dependencias. Así mesmo estase rematando a colocación de canóns de vídeo tamén en todas as aulas. A Casa do noso amigo o Rato Paco alberga agora máis de 500Gb de recursos, infografías, animacións, imaxes, programas...***
























http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/

# OS MUÍÑOS DO PARQUE NATURAL

***As nenas e nenos de Educación Infantil visitaron os muíños restaurados que hai no Parque Natural de Corrubedo.***



JUAN LUIS - 3 anos



ÁNGELA - 3 anos




ALBERTO - 5 anos




CELIA - 5 anos



PAULA - 3 anos



DESIRÉE - 5 anos












CARLOTA - 4 anos




Déronnos chocolate

CARLOS - 4 anos









De volta ao cole en autobús.

MIGUEL - 4 anos

# O CASTELO DE SOUTOMAIOR

***As nenas e nenos do 1º Ciclo de Educación Primaria visitaron o Castelo de Soutomaior e o lago Castiñeiras, na provincia de Pontevedra.***

O xoves 28 de maio fomos ao castelo de Soutomaior. O castelo está no cume dunha montaña, era grande coas ventás pequenas. Ten murallas e torres ás que subimos e miramos polas ventás. Por dentro había moitas salas: o soto rochoso, a sala do canón, a sala de baile, outras onde había cadros, un traxe que usaban e carteis que explicaban o que aconteceu nese castelo: pasado, presente e futuro... Tamén había retretes - un buraco na pedra - antes de subir a un tipo de terraza, e logo baixamos á mazmorra que estaba moi escura e moi fría.
E vimos como entraba un lagarto no castelo.
Por fóra había tres fontes e un labirinto de plantas de moitas cores, precioso. E árbores enormes.
Chamoume moito a atención un pozo no que había un montón de moedas que botaba a xente para conceder desexos.
Tamén fomos ao lago Castiñeiras e vimos 57 patos e tivemos que estar calados para ver os cervatiños, eran dous e un estaba coxo.
Comimos debaixo das árbores.

**NENAS E NENOS DE 2º**

**O CASTELO**



**CARLOS - 2º**

**O LABIRINTO**



**XURXO - 2º**





.






SERGIO - 2º





# XERARDO CRUSAT

***Xerardo Crusat é pintor. É de Palmeira e veu falar aos nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º da súa obra.***

Hoxe, día 29 de maio de 2009 veu Xerardo Crusat, un pintor extraordinario.
Ensinounos os seus cadros que fixo con moitos materiais como: madeira, cemento, cartón, papel...
Deixounos coa boca aberta! A maioría dos cadros eran retratos de persoas. Debuxou aos seus amigos, á súa muller... ata a persoas descoñecidas!
Ao final, deixou que lle fixeramos todas as preguntas que quixeramos.
O cadro que máis me gustou foi o dunha muller co pelo de cores.
Gustaríame que viñera outra vez.



**NEREA - 4º A**



Falounos de moitas cousas: dos sentimentos, dos cadros, do traballo como pintor e díxonos que lle gustaba máis pintar mulleres que homes. Dicía que facía moito tempo que non ía a un colexio e dixo que deixara o colexio aos oito anos.

**SUSANA - 5º**



Ensinounos moitos cadros, a maioría eran de mulleres. Preguntámoslle por que debuxaba tantas mulleres e díxonos que era porque el, de pequeno, se criara con moitas mulleres e que era máis fácil falar con elas. Ademais díxonos que os corpos das mulleres parecíanlle fermosos.

**MARÍA - 6º B**



Fai moitos cadros de mulleres e tamén dalgunhas cousas raras e bonitas. É xenial!
O cadro que máis me gustou foi «Os ollos de Picasso».

**AITANA - 4º A**






Ser pintor é un oficio pero ser un artista é algo co que naces.

**CARLOS - 6º B**





**MIGUEL - 6º B**



A muller co pelo de plastilina.

**CRISTINA - 4º A**

As pinturas eran extraordinarias.
Algúns nenos ríanse dos cadros nos que aparecían mulleres espidas.
A min pareceume moi ben que viñera un gran pintor coma el.
A min o cadro que máis me gustou foi o do deserto.
Foi unha boa experiencia.

**MARTÍN - 5º**

**IRENE - 5º**





# A A.N.P.A. TAMÉN COLABORA

***Queremos agradecer a desinteresada colaboración da A.N.P.A. ao longo de todo o curso. Organizaron as actividades extraescolares, trouxeron a un mago...***

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:





## BATUKA

## PINTURA

## TAEKWUONDO





***Organizaron unha exposición con tódalas obras que ao longo do curso as nenas e nenos fixeron na clase de pintura.***

***O grupo de teatro participou na Mostra Infantil de Teatro de Ribeira coa obra «Solo hay un camino».***

## TEATRO



***Queremos tamén expresar dende aquí o noso agradecemento aos monitores-as que fixeron posible a realización destas actividades.***

# TEMPO DE DESPEDIDAS

## A ESCOLA



Este ano voume da escola.
Moita pena me vai dar
porque o C.E.I.P. de Palmeira mola
e non vou parar de chorar.

Vou estar tan triste
como un canario sen alpiste.
Estarei tan apenada
como a Terra, se non tivera nada.



Vou estar tan deprimida
que non terei ganas de comida.
O marcharme non o vou poder soportar.
Esta escolar é como o meu fogar.

Pero este momento acabarase
e terei novos amigos e compañeiros de clase.

**MARÍA - 6º B**

# NENAS E NENOS DE 6º





# E CHEGA O VERÁN!




DANI - 4 anos





ANA - 4 anos




LUCÍA - 4 anos





ANTÍA - 4 anos

# PROFES

PAULA - 3 anos









XABI M. - 3 anos

# PROFESORADO 08-09





*DESEXAMOS BOAS VACACIÓNS A TODA A COMUNIDADE ESCOLAR*

**** Esta revista foi maquetada por profesorado integrante do Equipo de Novas Tecnoloxías do Colexio.***

**** Pódese descargar e ver a toda cor na nosa páxina web:***

***http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/***

ENTe CEIP de Palmeira

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Palmeira
Lomba S/N - Palmeira
Tfno.: 981838281 Fax: 981838142
correo-e: ceip.palmeira@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira